

Martes, 20 de agosto de 2019

Núm. 158

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEAREAS

Persoal, oposicións

REAPERTURA PRAZO LISTAS SUBSTITUCIÓN TRABALLADORA SOCIAL

A N U N C I O

NOVA CONVOCATORIA PARA A PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS NA CATEGORÍA DE TRABALLADORA SOCIAL, PERTENCENTE ÁS BASES DE SELECCIÓN TRABALLADOR/A SOCIAL PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTA DE SUBSTITUCIÓN.

Con data 6 de agosto de 2019 aprobouse mediante Decreto nº 2019-2627, unha nova convocatoria para a presentación de instancias no prazo de 20 días naturais a partir da data de publicación no BOP, na categoría de Traballador/a Social, segundo as bases aprobadas por Decreto de Alcaldía 218-1135 de data 7 de maio de 2018, correxido polo Decreto 2018-1356, do 23 de maio de 2018, co fin da confección das listas de contratacións para a categoría mencionada.

Unificar a lista resultante do proceso selectivo e a existente nunha soa lista de substitucións na categoría Traballador/a Social, na que a orde de prelación final virá determinada pola puntuación obtida por cada aspirante en calquera dos dous procesos.

As instancias polas que se solicita formar parte neste proceso selectivo, dirixiranse ao Alcalde do Concello, e poderán presentarse por calquera medio previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As bases íntegras atópanse publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, www.pontareas.gal, apartado de Oferta de Emprego Público.

Pontareas, documento asinado electronicamente

O Alcalde,

Xosé Represas Giráldez

